



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na presentación do *Manuel Parlamentario. Guía para os deputados e deputadas do Parlamento de Galicia*

Parlamento de Galicia, / 27 de xaneiro de 2012// 11,00h.

Letrado oficial maior do Parlamento de Galicia,
Xornalistas,
Señoras e señores:

Permítanme, en primeiro lugar e antes de dar comezo a esta presentación, expresar en nome propio e no do Parlamento de Galicia a nosa solidariedade e afecto áos familiares, amigos e compañeiros dos desaparecidos esta madrugada na praia do Orzán, na Coruña. Trátase dun suceso luctuoso que enche de tristura a toda Galicia.

Gracias por acompañarnos na presentación deste *Manual Parlamentario. Guía para os deputados e deputadas do Parlamento de Galicia*.

Trátase do primeiro manual deste tipo que se edita en calquera cámara lexislativa de España. Un feito que nos agrada e, insisto, debe enchernos de satisfacción, na medida en que o Parlamento de Galicia foi pioneiro neste aspecto. Sobre todo tendo en conta que a semana pasada presentamos en Madrid un manual xenérico para todos os Parlamentos con cuestións moi xerais e ese manual inspirouse no que hoxe presentamos aquí, no Parlamento de Galicia.

Nese sentido estamos satisfeitos porque a idea interesou e porque creo que a distancia que, en ocasións, separa aos



Parlamentos dos cidadáns sempre pode superarse mediante o coñecemento e a divulgación dos mecanismos de funcionamento da institución que, como saben, é un obxectivo que teño desde que asumín a presidencia da Cámara. Por tanto, este manual responde a ampliar e dar a coñecer cómo funciona internamente a Cámara, cales son os seus mecanismos de funcionamento e cómo un pode achegarse ás distintas iniciativas, cuestións que nos preguntamos e non sabemos onde atopar a resposta.

Como o seu propio título indica, trátase dun manual orientado a facilitar o labor de todos os deputados e deputadas do Parlamento de Galicia, particularmente útil para os que, por vez primeira, toman contacto con esta institución que, nos últimos meses, atravesou un proceso de renovación sen precedentes nos seus 30 anos de existencia. Por iso decidimos adiantar a elaboración deste manual.

Todos os deputados están xa a recibir o manual. Para uns, sobre todo os veteranos, resultará curioso constatar como nesta obra se plasma a técnica parlamentaria que coñecen e, para outros, espero que sexa unha lectura proveitosa que os inicie ao que é o traballo parlamentario. En definitiva, o que creo e o que me gustaría é que constitúa un apoio ao día a día e ao seu traballo.

Pero con independencia do colectivo ao que fai referencia o título, é evidente que esta publicación ten un abano de destinatarios potenciais moito máis amplo, comezando polos xornalistas que seguen a actividade parlamentaria e que agardo que lles sirva de apoio e de interese.

Recordo, ademais, que hai agora un ano, en xaneiro de 2011, celebramos nesta mesma sala unha xornada de formación en técnica parlamentaria, impartida polo letrado oficial maior e por unha documentalista do Parlamento de Galicia, e que contou coa participación dun bo número de profesionais da información.



Sen embargo, e máis aló das cumpridas explicacións ofrecidas naquel momento, botábase en falta a existencia de material divulgativo impreso que permitise ampliar coñecementos ou clarificar calquera aspecto dubidoso, por iso, creo que superada esa carencia documental, estou segura de que a segunda edición desa xornada, prevista para o próximo luns, 30 de xaneiro, irá acompañada dun éxito e un aproveitamento maior que a primeira ao ter un documento de apoio que permita incluso traballar sobre él.

Se ben é certo tamén que non só está dirixido aos deputados, xornalistas e funcionarios. Non nos esquecemos de calquera persoa que está interesada en afondar no coñecemento da institución parlamentaria, nos seus mecanismos de traballo e qué é o que se fai nela. Por iso pensamos na idea de que se poda consultar en internet, de que esté en formato de libro electrónico, complementando deste xeito a aínda modesta biblioteca dixital ofertada nestes momentos polo Parlamento de Galicia, que inclúe o libro sobre os estatutos de autonomía, editado por esta casa e o libro sobre os trinta anos. E nestes días engadiremos tamén o título máis recentemente publicado e orientado a explicar o Parlamento aos escolares que nos visitan, obra do constitucionalista Roberto Blanco Valdés.

O que pretendemos é que os títulos estén dispoñibles gratuitamente en formato de libro electrónico. Igual que é o que pretendemos co que editamos dende aquí, que sexan libros útiles, prácticos, e divulgativos sobre o que significa a institución parlamentaria. Este manual preséntase nun formato novidoso, moi práctico, pensado especificamente para ser utilizado a cotío e mesmo poder efectuar anotacións ao remate de cada capítulo.

Verán que os textos explicativos –obra do letrado oficial maior do Parlamento de Galicia, Xosé Antón Sarmiento, ao que felicito por elo e agradezo publicamente este traballo e o seu apoio cando plantexamos cuestións desta natureza- van



acompañados de mapas conceptuais que contribúen a asimilar as cumpridas explicacións recollidas ao longo destas máis de 150 páxinas.

Agardo que sexa, dentro do que significa un libro destas características, un libro ameno na súa lectura.

Parabéns, polo tanto, a cantos dun ou doutro xeito teñen participado na elaboración deste manual. E tamén o desexo de que da súa lectura se desprenda un maior e mellor coñecemento dos mecanismos que rexen o funcionamento da primeira institución de Galicia.

A todos, moitas gracias por acompañarnos.